

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O poder do Saudador

En Ouviaño chaman Saudador ao sétimo fillo varón cando a nai tivo antes seis fillos seguidos. Asegúrase que ten unha cruz no ceo da boca ou debaixo da lingua, e que o seu cuspe ten virtudes para curar.

Se nace en sábado ten a cualidade de curar as *tercianas* e *cuartanas*. Tamén posúe virtude a chamada Roda de Santa Catarina, por medio da cal curan co alento algunhas enfermidades.

Cando os enfermos padecen do estómago, botan o alento sobre un anaco de pan e danllo a comer. A *terciana* e *cuartana* (malaria ou paludismo) é unha enfermidade infecciosa producida por un parásito e transmitida por mosquitos. Recibe o nome de *cuartana* porque a quentura entra con frío de catro en catro días.

Información facilitada por Xabier Moure Salgado en setembro de 2013. Véxase
[patrimoniodenegueira.blogspot.com]

BIBLIOGRAFÍA

REIGOSA, Antonio (2022): Lugo de lenda. Ed. Embora, Ferrol.